R6. Deseña, presenta e modifica a dificultade das tarefas motrices para adecuarse aos obxectivos e contidos expostos e ao nivel do alumnado.	B3	C55 C56	D8

R7. Coñece medidas de atención á diversidade na educación infantil e recursos para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) durante a súa participación en situacións de aprendizaxe de carácter motriz.	B3	C9 C22	
R8. Deseña sesións de motricidade na educación infantil tomando decisións colaborativamente con outros/as futuros/as mestres/as e tendo en conta os fundamentos didácticos.	B3 B11	C21 C53 C54 C55 C56	D2 D8 D9
R9. Pon en práctica intervencións didácticas a través da motricidade dirixidas a alumnado de educación infantil, elaboradas colaborativamente, partindo dos elementos do currículo e manexando adecuadamente os recursos didácticos e organizativos.	B1 B2 B3 B11	C21 C53 C54 C55 C56 C60 C61 C63	D2 D3 D8 D9
R10. Comunica de forma eficiente durante o desenvolvemento dunha sesión de motricidade, prestando atención a transmitir as súas ideas e xestionar a clase con alumnado ficticio de educación infantil.	B3	C60 C63	D2 D3
R11. Analiza, reflexiona e emite e acepta xuízos críticos sobre as sesións prácticas de educación infantil a través da motricidade para mellorar e innovar no seu labor como docente.	B11	C23 C63	D9 D13

Contidos

Tema	
Bloque 1. Terminoloxía e conceptos básicos das actividades motrices na etapa de infantil.	Tema 1. Os compoñentes da motricidade. Tema 2. A sesión de motricidade na educación infantil. Tema 3. A tarefa motriz na educación infantil. Tema 4. Recursos didácticos para unha educación infantil a través da motricidade: cuñas motrices, xogos motores, xogos tradicionais e interculturais, contos motores, cancións motrices, circuítos, ambientes de aprendizaxe. Tema 5. O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) nas propostas motrices.
Bloque 2. Evolución histórica das actividades físicas e motrices no contexto educativo.	Tema 6. Conceptualización, evolución e perspectiva holística das actividades motrices na educación infantil.
Bloque 3. Coñecemento e aplicación dos elementos do currículo vinculados á motricidade na etapa de infantil.	Tema 7. A motricidade no currículo de educación infantil. Tema 8. Programación do currículo para o desenvolvemento da motricidade na educación infantil. Tema 9. Avaliación da educación infantil en situacións motrices de aprendizaxe.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1.5	0	1.5
Flipped Learning	0	13	13
Lección maxistral	6.5	0	6.5
Resolución de problemas	13	0	13
Prácticas de laboratorio	18	0	18
Presentación	5	0	5
Debate	5	0	5
Traballo tutelado	3	0	3
Aprendizaxe colaborativa	0	60	60
Exame de preguntas obxectivas	2	23	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Flipped Learning	Algunhas actividades de aprendizaxe realizaranse fora da aula, e coa presenza do docente se facilitará e potenciará outros procesos de adquisición e practica de coñecementos.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.

Resolución de problemas	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver as solucións axeitadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de fórmulas ou algoritmos, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado (Laboratorios, aulas informáticas, etc...).
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
Traballo tutelado	O/A estudante, de maneira individual ou en grupo, elabora un documento sobre a temática da materia ou prepara seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias etc.
Aprendizaxe colaborativa	Comprende un grupo de procedementos de ensino que parten da organización da clase en pequenos grupos mixtos e heteroxéneos onde o alumnado traballa de forma coordinada entre si para desenvolver tarefas académicas e afondar na súa propia aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Actividades introdutorias	En primeira instancia, atenderanse as dúbidas xurdidas como resultado da presentación da materia durante a primeira sesión de clase. Posteriormente, o alumnado poderá resolver calquera dúbida a través do correo electrónico ou solicitando titoría presencial ou virtual. Cando sexa posible, a docente responderá as dúbidas noutros espazos (aula, ximnasio ou pavillón).
Traballo tutelado	O seguimento do traballo realizarase no despacho físico da profesora no horario de titorías. Cando non sexa posible, realizarase a través da sala virtual do profesorado (campus remoto da Universidade de Vigo).
Presentación	Cando un grupo de alumnos/as precise máis atención personalizada para a preparación da súa presentación que a ofrecida durante as horas de traballo tutelado, poderá solicitar titoría presencial (no despacho físico da docente) ou virtual (na sala de profesorado do campus remoto da Universidade de Vigo). A solicitude farase a través do correo electrónico e atendendo ao horario de titorías preestablecido.
Flipped Learning	A atención ao alumnado realizarase principalmente cos materiais facilitados a través da plataforma MooVi. O alumnado tamén poderá contactar para resolver dúbidas concretas por correo electrónico. De consideralo oportuno, poderá ser atendido no despacho físico da docente ou nas salas virtuais do profesorado (campus remoto). Neste último caso, a solicitude farase a través do correo electrónico e atendendo ao horario de titorías preestablecido.
Resolución de problemas	O seguimento personalizado durante a resolución dos problemas propostos ao estudantado farase principalmente durante o horario de clase (nas horas A). Posteriormente, o alumnado poderá resolver calquera dúbida a través do correo electrónico ou solicitando titoría presencial ou virtual.
Aprendizaxe colaborativa	Cando un grupo de alumnos/as precise atención personalizada para a realización de calquera das tarefas encomendadas como parte do traballo colaborativo, poderá solicitar titoría presencial (no despacho físico da docente) ou virtual (na sala de profesorado do campus remoto da Universidade de Vigo). A solicitude farase a través do correo electrónico e atendendo ao horario de titorías preestablecido.
Probas	**Descrición**
Exame de preguntas obxectivas	Cando un alumno/a precise atención personalizada para a preparación do exame da materia, poderá solicitar titoría presencial (no despacho físico da docente) ou virtual (na sala de profesorado do campus remoto da Universidade de Vigo).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Presentación	Deseño e posta en práctica dunha sesión de motricidade dirixida ao alumnado da educación infantil. Partirase dos criterios de avaliación e contidos do currículo, utilizaranse diferentes recursos didácticos, e xestionaranse os tempos, espazos, materiais e a formación de grupos.	40	B1 B2 B3 B11	C21 C23 C53 C54 C55 C56 C59 C60 C61 C63	D2 D3 D8 D9 D13
Aprendizaxe colaborativa	Entrega das gravacións e actas das reunións de traballo colaborativo nas que se deseñou unha sesión de motricidade dirixida ao alumnado de educación infantil. Unha vez posta en funcionamento, o alumnado proporá as modificacións oportunas en base ás coavaliacións dos compañeiros/as e á propia autoavaliación. As persoas que integran cada grupo de traballo deberán adoptar unha serie de roles e funcións que serán rotativos.	20		C21	D2 D3 D8 D9
Exame de preguntas obxectivas	Probas que avalían o coñecemento que inclúe preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos/as seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	40	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C9 C12 C13 C15 C16 C17 C18 C19 C20 C21 C22 C23 C24 C25 C26 C27 C29 C32 C40 C41 C43 C44 C45 C53 C54 C55 C56 C57 C59 C60 C61 C62 C63 C64 C65 C66	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D8 D9 D10 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21

Outros comentarios sobre a Avaliación

Modalidade de avaliación global: para o alumnado non asistente ou que non alcance o 85% da asistencia ás horas B da materia, o exame terá un valor do 80% e a proba "aprendizaxe colaborativa" suporá o 20%. Ademais, estas persoas non asistentes ou que non asistan ao mínimo de sesións obrigatorias establecidas realizarán unha proba de tipo práctico que permita comprobar a adquisición das competencias correspondentes (proba: "presentación"). Serán cualificadas como aptas

ou non aptas nesta proba.

Tanto na modalidade de avaliación continua como na modalidade de avaliación global, para superar a materia é requisito superar cada unha das probas establecidas en devandita modalidade (a cualificación mínima esixida é de 5 sobre 10 ou apta/o nas diferentes probas de avaliación). Unicamente a proba "aprendizaxe colaborativa" non terá cualificación mínima esixida.

A materia incorpora actividades prácticas de traballo colaborativo que requiren a realización e entrega de gravacións audiovisuais como evidencia de aprendizaxe e avaliación. Estas gravacións serán utilizadas exclusivamente con fins docentes e de avaliación, almacenaranse nas plataformas institucionais habilitadas pola Universidade e serán accesibles unicamente para o profesorado responsable da materia e, se é o caso, para os órganos competentes nos procedementos de revisión de cualificacións. A súa conservación realizarase durante o tempo necesario para a xestión da avaliación e conforme ás políticas de conservación da Universidade. As gravacións solicitadas nesta proba teñen como única finalidade a avaliación das competencias de traballo en equipo por parte do profesorado, sendo a base lexitimadora a execución da función pública educativa (LOSU). O tratamento realizarase exclusivamente a través das ferramentas institucionais proporcionadas pola a Universidade de Vigo con acceso restrinxido ao grupo de traballo e á docente. Queda terminantemente prohibida a descarga, reprodución ou difusión destas gravacións fóra do contorno virtual autorizado. Os arquivos de vídeo serán eliminados permanentemente unha vez que as cualificacións sexan definitivas e transcorridos os prazos legais de reclamación. Debe evitarse nas gravacións audiovisuais que aparezan domicilios particulares ou terceiros alleos á materia.

A cualificación final da materia (obtida a partir de todas as probas establecidas anteriormente, independentemente da esixencia ou non de cualificación mínima) será a seguinte:

- 0-4,9: suspenso (SS)
- 5,0-6,9: aprobado (AP)
- 7,0-8,9: notable (NT)
- 9,0-10: sobresaliente (SB)

As partes da materia superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, por tanto, como aprobadas nese curso académico.

Naqueles casos extraordinarios nos que un alumno/a supere todas as probas que requiren unha cualificación mínima esixida, pero non alcance o 5 na cualificación final da materia, poderá realizar na 2ª oportunidade algunha proba xa superada na 1ª co obxectivo de poder superar a materia.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade no espazo "datas exames".

En coherencia coa carácter inclusivo que caracteriza á Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptarase para o estudantado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Se abrirá un cartafol específico na plataforma Moovi, na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para estudantes do curso ponte ou profesionais en exercicio.

As probas de avaliación tamén poderán adaptarse no caso de alumnado ERASMUS (estudantes entrantes) coa intención de dar resposta ás necesidades derivadas destes casos, especialmente no tocante á comprensión do idioma.

O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios Facultade de Educación e Traballo Social) e á Normativa que estableza a UVigo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Castañer, M. y Camerino, O., **Enfoque dinámico e integrado de la motricidad (EDIM). De la teoría a la práctica.**, Edicions de la Universitat de Lleida, 2022

Cebrián, B., Martín, M.I., Miguel, A., López Pastor, V.M. et al., **Cómo trabajar la motricidad en el aula. Cuñas motrices para infantil y primaria.**, Miño y Dávila, 2013

Torres, G., **Enseñanza y aprendizaje de la educación física en educación infantil.**, Paraninfo, 2015

Ureña, N., **La alfabetización física en infantil. ABCD motriz**, Inde, 2024

Bibliografía Complementaria

Blández, J., **Programación de unidades didácticas según ambientes de aprendizaje.**, Inde, 2000

Canales, I., **La desinhibición en la expresión corporal: una propuesta didáctica**, Wanceulen, 2010

Canales, I., **De la expresión a la comunicación: una propuesta didáctica**, Wanceulen, 2010

Conde Caveda, J.L., Martín, C. y Viciana, V., **Las canciones motrices. Metodología para el desarrollo de las habilidades motrices en Educación Infantil y Primaria a través de la música (3ª ed.).**, Inde, 2004

Conde Caveda, J.L., Martín, C. y Viciana, V., **Las canciones motrices II. Metodología para el desarrollo de las habilidades motrices en Educación Infantil y Primaria a través de la música (2ª ed.).**, Inde, 2002

Del Pozo, M.M., **Desde L'Ermitage a la Escuela Rural Española: introducción, difusión y apropiación de los «centros de interés» decrolyanos (1907-1936).**, Extraordinario, 143-166, Revista de Educación, 2007

Englehart, D., Mitchell, D., Albers-Biddle, J., Jennings, K. y Forestieri, M., **Juegos STEM en los Rincones de Aprendizaje. Integrando la investigación de los más pequeños.**, Narcea, 2020

Fernández, E., Quer, L. y Securún, R., **Rincón a rincón (2ª ed.).**, Octaedro, 2009

Galera, A.D., **Manual de didáctica de la educación física I. Una perspectiva constructivista moderada. Funciones de impartición.**, Paidós, 2001

Gil, P., Contreras, O.R. y Gómez, I., **Habilidades motrices en la infancia y su desarrollo desde una educación física animada.**, 47, 71-96, Revista Iberoamericana de Educación,, 2008

López Pastor, V.M., Abad, M., Aldama, B. et al., **La educación Física en educación infantil: una propuesta y algunas experiencias.**, Miño y Dávila, 2004

López-Pastor, V.M. y Pérez-Pueyo, A. (Eds.)., **Evaluación formativa y compartida en educación: experiencias de éxito en todas las etapas educativas.**, Universidad de León, 2017

Miraflores, E., Cañada, D. y Abad, B., **Actividad Física y Salud de 3 a 6 años. Guía para docentes de Educación Infantil.**, Ministerio de Sanidad y Ministerio de Educación, 2016

Ruiz, J.V., **El cuento motor en la educación infantil y en la educación física escolar**, Wanceulen, 2011

DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. 9 de setembro de 2022. D.O.G. No. 172.,

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Desenvolvemento motor/O05G110V01202

Outros comentarios

- A asistencia e participación activa durante as clases facilita a asimilación de contidos e a adquisición de competencias.
- A elaboración de apuntamentos propios e/ou anotacións persoais favorece a preparación das probas de avaliación e mellora a comprensión dos materiais facilitados.
- O seguimento do campus virtual permite manterse informado de posibles cambios (anuncios) e evita o incumprimento de datas de entrega de actividades.

Esta materia enmárcase nunha facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Expresión musical e a súa didáctica				
Materia	Expresión musical e a súa didáctica			
Código	O05G110V01504			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Galego			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Casal de la Fuente, Lucía			
Profesorado	Casal de la Fuente, Lucía			
Correo-e	lucia.casal@uvigo.gal			
Web	http://webs.uvigo.es/educacion-ou/			
Descrición xeral	O que se espera que esta materia achegue na formación de docentes xeneralistas de educación infantil é proporcionar a formación básica para que, sen ser especialistas en educación musical, aprendan a usar e a integrar a música nas actividades con independencia e seguridade, e desenvolvan a sensibilidade necesaria relativa á expresión musical e á creación artística. Polo tanto, familiarizarémonos con propostas pedagóxico-musicais para a percepción auditiva e a expresión musical (diferenciando entre o 1º ciclo, 0-3, e o 2º ciclo, 3-6), así como tentaremos mellorar o dominio da lectura e linguaxe musical, provendo recursos e bases psicopedagóxicas sólidas nas que fundamentar as decisións educativas, alén de completar a propia formación musical. As actividades fundamentais que se farán xirarán arredor da práctica instrumental de cancións sinxelas, do canto e de danzas grupais, así como do xogo musical para o fomento da creatividade e do uso da improvisación. Farase especial fincapé no exercicio da relaxación, da respiración e da fonación, posto que a voz é a ferramenta que todo o profesorado debera saber usar con corrección. Evolucionarase da representación non convencional do son á representación convencional da música, deténdonos na educación rítmica, e no deseño de propostas didácticas interdisciplinares, alicerzadas no currículo oficial, dirixidas ao alumnado de entre 0 e 6 anos de idade. Materia do programa English Friendly. O estudantado internacional poderá solicitar ao profesorado: a) materiais e bibliografía en inglés, b) titorías en inglés, e c) probas e avaliacións en inglés.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da educación infantil
B2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
B8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia
B11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela no estudantado.
B12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
C45	Coñecer a tradición oral e o folclore.
C53	Coñecer os fundamentos musicais, plásticos e de expresión corporal do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
C54	Coñecer e utilizar cancións para promover a educación auditiva, rítmica e vocal.
C55	Saber utilizar o xogo como recurso didáctico, así como deseñar actividades de aprendizaxe baseadas en principios lúdicos.
C56	Elaborar propostas didácticas que fomenten a percepción e a expresión musical, as habilidades motrices, o debuxo e a creatividade.

C57	Analizar as linguaxes audiovisuais e as súas implicacións educativas.
C58	Promover a sensibilidade relativa á expresión plástica e á creación artística.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D5	Coñecemento de informática
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico
D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Liderado
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D20	Iniciativa e espírito emprendedor
D21	Motivación pola calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Comprensión dos principios que contribúen á formación histórica, cultural, persoal e social desde a educación musical en infantil.	A2	B12	C58	D6 D13 D14 D15
2. Coñecemento das posibilidades e limitacións da educación musical en infantil.	A3 A4	B1		D1
3. Coñecemento do currículo escolar infantil relacionado coa educación musical.	A1 A2	B1 B8 B12	C53	D5 D19
4. Adquisición de recursos para fomentar a participación ao longo da vida en actividades musicais dentro e fóra da escola.	A3	B1 B8 B11 B12	C45 C53 C54 C55 C57 C58	D1 D2 D6 D7 D9 D15 D16 D17 D19 D21
5. Educación artística: coñecemento e organización dos elementos musicais e pautas de traballo para a creación de actividades artísticas relacionadas coa música.	A2 A3 A4 A5	B1	C45 C53 C54 C55 C56 C57	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D9 D15 D16 D17 D19 D21
6. Habilidade de liderado, capacidade de relación interpersoal e traballo en equipo.	A2 A3 A4 A5	B2	C55 C58	D1 D2 D6 D7 D8 D9 D11 D18 D20 D21

7. Adaptación a novas situacións, resolución de problemas e aprendizaxe autónoma.	A3 A4 A5	B8 B11 B12	C53 C56 C58	D1 D2 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D15 D16 D19
8. Hábitos de excelencia e calidade no exercicio profesional.	A1 A2 A3 A4	B1 B2 B8 B12	C53 C56 C57 C58	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21
9. Actuación dentro dos principios éticos necesarios para o correcto exercicio profesional.	A2 A3	B1 B8 B11 B12	C58	D8 D9 D15 D16 D19 D20 D21
10. Capacidade para aplicar os principios técnicos e pedagóxicos á educación musical.	A2 A3 A4	B1 B8 B11 B12	C45 C53 C54 C55 C56 C57 C58	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21

11. Elaboración de contidos musicais de diferentes estilos e xéneros para a educación musical.	A1	B1	C45	D1
	A2	B2	C53	D2
	A3	B8	C54	D5
	A4	B11	C55	D6
	A5	B12	C56	D7
			C57	D8
			C58	D9
				D11
				D12
				D13
				D14
				D15
				D16
				D17
				D18
				D19
				D20
				D21

Contidos	
Tema	
Os contidos que marca a memoria verificada do título "Grao en Educación Infantil" son os seguintes": Aplicación didáctica e pedagóxica de elementos musicais. A grafía convencional e non convencional do son e da música. Creación de actividades musicais. Comprensión e habilidade musical. Adaptación de pezas musicais a actividades lúdicas. Uso de repertorios vocais e instrumentais para infantil.	Estes contidos organízanse en diferentes temas e subtemas, cuxo desenvolvemento se expón nos documentos de apoio á docencia dispoñibles na aula virtual da materia (Moovi).

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	1	2
Obradoiro	4	2	6
Prácticas con apoio das TIC	2	2	4
Aprendizaxe-servizo	8	20	28
Traballo tutelado	8	20	28
Seminario	2	2	4
Lección maxistral	19.5	40	59.5
Resolución de problemas	2	0	2
Prácticas de laboratorio	6	10	16
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.			

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Determinación de coñecementos previos e de aptitudes e actitudes do alumnado cara á materia. Exposición da folla de ruta do curso.
Obradoiro	Desenvolvemento de actividades participativas e en equipo, técnicas de ensino-aprendizaxe cooperativas; e deseño, implementación e avaliación de actividades musicais para infantil.
Prácticas con apoio das TIC	Presentación e práctica con soporte lóxico para a educación musical.
Aprendizaxe-servizo	Explicación, exemplificación, deseño, implementación e avaliación en equipo de sesións de música para bebés en colaboración con escolas infantís 0-3.
Traballo tutelado	Elaboración de traballos cooperativos dirixidos polo profesorado, que poden implicar o eTwinning, traballos inter-materia, a implementación de propostas didácticas en colaboración con aulas de educación infantil 3-6 etc.

Seminario	Orientacións e reflexións conxuntas: dúbidas, consultas e seguimento das tarefas (que requirirán do traballo autónomo do alumnado, tanto na aula como fóra dela), noticias de actualidade, dilemas que comporta a educación musical no s. XXI etc.
Lección maxistral	Exposición dos contidos teórico-prácticos da materia e das directrices para a elaboración de traballos.
Resolución de problemas	Aplicación dos coñecementos teórico-prácticos en traballos, propostas de aula, probas etc.
Prácticas de laboratorio	Técnicas de relaxación, respiración e fonación. Práctica musical: canto, interpretación instrumental e danza.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	Atención grupal ou individual nas clases ou nas titorías, previo acordo entre o alumnado e o profesorado. O alumnado Asistente (en avaliación continua) solicitará as titorías ao profesorado en clase (nas sesións presenciais, nunca por e-mail) para fixar, de ser necesaria, unha titoría individual ou grupal fóra das aulas regulares da materia. Tanto este alumnado como o alumnado Non Asistente (en avaliación global) usará o horario de titorías do profesorado para expor as súas dúbidas, que se pode consultar actualizado nunha ligazón accesible dende a aula virtual da materia. O alumnado debe consultar os medios e os horarios de titorías nesta ligazón para asegurar a atención. Dentro das circunstancias descritas nesta ligazón, o alumnado non debe solicitar cita, tan só presentarse ou chamar en horario de titorías. De non poder asistir fisicamente ás titorías, o alumnado deberá chamar por teléfono no horario de titorías, evitando o contacto por e-mail. Unha vez establecido o contacto coa profesora ben fisicamente ben telefonicamente, existe tamén a opción de fixar titoría en liña a través do Campus Remoto da UVigo, para o que a docente facilitará ligazón e clave para a conexión no despacho virtual. Sempre co acordo do profesorado, estableceranse as medidas necesarias para dar resposta á atención á diversidade.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Obradoiro	Actitude, asistencia, seguimento, participación e aproveitamento das sesións prácticas (Sesións B).	15	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B8 B11 B12	C45 C53 C54 C55 C56 C57 C58	D1 D6 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D16 D17 D19 D21
Aprendizaxe-servizo	Deseño, implementación e avaliación en equipo de sesións de música para bebés.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B8 B11 B12	C45 C53 C54 C55 C56 C58	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21

Traballo tutelado	Elaboración de tarefas e traballos en equipo, que poden implicar o eTwinning, en colaboración con centros doutros países; o deseño, a implementación e a avaliación de propostas didácticas con alumnado de 3-6 anos, etc.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B8 B11 B12	C45 C53 C54 C55 C56 C57 C58	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D21
Resolución de problemas	Realización dunha proba teórico-práctica individual.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B8 B11	C45 C53 C54 C55 C56 C57 C58	D1 D6 D7 D8 D12 D13 D15 D16 D17 D19 D20
Prácticas de laboratorio	Realización dunha proba práctica grupal.	10	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B8 B11 B12	C45 C53 C54 C55 C56 C57 C58	D1 D2 D5 D6 D7 D8 D9 D11 D12 D13 D14 D16 D17 D18 D19 D20 D21

Outros comentarios sobre a Avaliación

A táboa anterior recolle a avaliación para alumnado Asistente (en avaliación continua), isto é, alumnado que non falta a máis de 3 clases das Sesións B (ou sexa, que cumpre co 80% de asistencia ás Sesións B), xustificadas ou sen xustificar. Isto significa que para ter a consideración de Asistente pódese faltar a un máximo de 3 clases das Sesións B. Desas 3, cada falta sen xustificar resta -0.1 puntos no apartado Obradoiro: Actitude, asistencia, seguimento, participación e aproveitamento das sesións prácticas (Sesións B). Se se pode xustificar a falta, a ausencia non resta puntuación. Os xustificantes nunca se entregarán por correo electrónico: mostraranse á profesora coordinadora da materia en calquera das sesións presenciais. A asistencia e participación nas Sesións A non puntúa na cualificación final. Non obstante, resulta indispensable asistir a elas para o bo aproveitamento da materia, especialmente de cara á asunción e comprensión dos contidos e de cara a poder seguir o ritmo das Sesións B sen dificultades. Asistir ás Sesións A tamén favorecerá a calidade da participación e das achegas individuais que o alumnado faga nas Sesións B que, xunto coa actitude, terase moi en conta para avaliar o antedito apartado.

AVALIACIÓN CONTINUA PARA ASISTENTES:

(1) Proba teórico-práctica individual: 25%

(2) Proba práctica en equipo: 10%

(3) Traballos en equipo: 25%

(4) Proxecto Aprendizaxe- Servizo: 25%

(5) Actitude e aproveitamento nas Sesións B: 15%

Para o alumnado que opte por ser Non Asistente (en avaliación global), as porcentaxes para o cálculo da cualificación final da materia serán as seguintes:

AVALIACIÓN GLOBAL PARA NON ASISTENTES:

(1) Proba teórico-práctica individual: 25%

(2) Proba práctica en equipo: 10%

(3) Traballos con tarefas individuais e en equipo: 40%

(4) Proxecto Aprendizaxe-Servizo: 25%

É necesario aprobar os apartados 1, 2 e 3 da avaliación para superar a materia (isto é, acadar un 5 sobre 10), tanto para Asistentes como para Non Asistentes. Se algún destes tres apartados non se aproban nunha oportunidade dada, a cualificación desta será o sumatorio de todas as partes da avaliación dividido entre dous.

O alumnado que opte pola opción de Non Asistente (en avaliación global) deberá cubrir o formulario habilitado na aula virtual da materia á maior brevidade posible (con prazo máximo ata o 30 de setembro), e deberá consultar na aula virtual da materia as instrucións das tarefas a realizar dentro da sección denominada 'Avaliación global: Non Asistentes / Curso Ponte□. Coa lista de alumnado Non Asistente, o profesorado conformará equipos de traballo e publicaraos na aula virtual da materia na primeira semana de outubro xunto coas instrucións para a elaboración de tarefas, co fin de que cada equipo se poida organizar para realizalas. Publicada a conformación dos equipos, o alumnado implicado debe establecer o primeiro contacto entre si a través de Moovi. Unha vez se entra na aula virtual da materia, pícase arriba á dereita, na icona do globo, e ponse o nome e apelidos da persoa á que se quere escribir encima de □Buscar□. A continuación pícase no nome e abaixo escríbese a mensaxe. Finalmente dáselle a □Enviar□, e a partir de aí cada equipo pode establecer as canles de comunicación que desexe. Para que isto funcione é necesario que todo o alumnado estea activo en Moovi.

O alumnado que ao longo do semestre perda o dereito de avaliación continua por superar o máximo de 3 faltas ás Sesións B debe pórse en contacto coa coordinadora da materia tan pronto como se vexa nesta circunstancia. Neste caso, o profesorado determinará a procedencia de seren avaliado de acordo á avaliación establecida para Non Asistentes. De ser o caso, este alumnado será integrado nun equipo de traballo de Non Asistentes, sempre que sexa posible. De non ser posible, e dado que a maioría das tarefas de avaliación para Non Asistentes deben realizarse en equipo e deben ser entregadas nunhas datas concretas, as tarefas grupais de avaliación obrigatoria que non se poidan entregar en equipo en primeira oportunidade, faranse en segunda oportunidade. Se se dan as circunstancias, a participación de alumnado Asistente en

actividades artísticas fóra das aulas regulares da materia (por exemplo, conmemoracións organizadas pola Facultade), poderá supor a obtención puntuación extra a sumar individualmente na cualificación final sempre que os apartados de avaliación 1, 2 e 3 estean aprobados.

AVALIACIÓN PARA ALUMNADO MATRICULADO EN FIN DE CARREIRA:

O alumnado que se matricule en Fin de Carreira debe pórse en contacto co profesorado á maior brevidade posible para solicitar as indicacións das condicións de avaliación para superar a materia.

OBSERVACIÓNS:

a. As partes da materia superadas na 1ª oportunidade non serán obxecto de avaliación na 2ª, considerándose, polo tanto, como aprobadas nese curso académico. O traballo en equipo ou individual é obrigatorio cando así se requira.

b. As datas oficiais dos exames poden consultarse na páxina web da Facultade, na ruta Docencia --> Exames. A convocatoria e as instrucións para as probas da materia anunciaranse na aula virtual da materia na sección 'Avaliación e cualificacións'.

c. En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo Social, esta guía poderá ser adaptada para atender as necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

d. Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado do curso ponte garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do Curso ponte ou profesionais en exercicio.

e. En función das posibilidades organizativas e da evolución da materia, e xa que esta contempla na súa Planificación horas de dedicación fóra dos horarios regulares de aula, algúns apartados de avaliación poderán esixir o desenvolvemento de actividades fóra do horario da materia, así como poderán desenvolverse saídas didácticas e outro tipo de experiencias formativas, cuxa realización podería darse tamén fóra do horario asignado á materia.

f. O emprego de ferramentas de IA nas actividades de avaliación desta materia deberá axustarse a un uso responsable, ético e transparente, conforme ás directrices da FETS (Normativa e formularios Facultade de Educación e Traballo Social: https://fcce.uvigo.es/gl/o-centro/normativa-e-formularios/) e á Normativa que estableza a UVigo.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Abad, Federico, **¿Do Re qué?: guía práctica de iniciación al lenguaje musical**, 978-84-11316-99-6, Berenice, 2023

Bonastre, Carolina, Cuervo, Laura, & García, Desirée (Dirs.), **Alfabetización digital en educación musical infantil: caminando por una nueva era**, 978-84-277-3248-3, Narcea, 2025

Cremades Andreu, Roberto, **Desarrollo de la expresión musical en educación infantil**, 978-84-283-3765-6, Paraninfo, 2017

Prego Fernández, Luís, & Cobos Martínez, Serxio, **Para cantar e bailar**, 978-84-8289-069-2, Cumio, 2008

Santos García, Beatriz, & Sánchez Gallardo, Mónica, **Música en la escuela infantil. Recursos musicales para educadores infantiles (0 a 3 años)**, 9788428341271, Paraninfo, 2019

Bibliografía Complementaria

Bernabé Villodre, María del Mar, & Martínez Bello, Vladimir (Eds.), **Orientaciones curriculares para crear un programa globalizado de movimiento y música en la escuela infantil**, 9788411839419, Tirant Lo Blanch, 2025

Brocklehurst, J. Brian, **Music in Schools**, 978-1-041-03073-7, Routledge, 2025

Gómez Espinosa, Juan, **Didáctica de la música. Manual para maestros de Infantil y Primaria**, 9788416125920, UNIR Editorial, 2015

Hemsy de Gainza, Violeta, **La iniciación musical del niño**, 9789876115339, Melos, 2013

López de la Calle Sampedro, M. Ángeles, **La música en centros de educación infantil 3-6 años de Galicia e Inglaterra, un estudio de su presencia y de las prácticas educativas**, http://hdl.handle.net/10347/2355, Universidade de Santiago de Compostela, 2007

McPherson, Gary E., & Graham F. Welch (Eds.), **Music Learning and Teaching in Infancy, Childhood, and Adolescence. An Oxford Handbook of Music Education**, 978-0-19-067459-5, Oxford University Press, 2018

Sabater, Natàlia, & Borràs, Laura, **Aprendiz de músico. Clara y David descubren el lenguaje musical con la musa Euterpe: un cuento mágico**, 978-84-18703-29-4, Redbook, 2022

Sol, Nahre, **Elements of Music. The fundamentals of music, made easier**, Julius Meltzer, 2023

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Obradoiro de creatividade artística/O05G110V01906
Xogo na educación infantil/O05G110V01912
Aprendizaxe das ciencias sociais/O05G110V01601

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Educación física e a súa didáctica na idade infantil/O05G110V01503
Didáctica da expresión plástica e visual/O05G110V01502

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Desenvolvemento motor/O05G110V01202
Psicoloxía: Psicoloxía da educación: Procesos de aprendizaxe infantil/O05G110V01205
Educación: Educación para a saúde e a súa didáctica/O05G110V01301
Educación: Deseño e desenvolvemento do currículo da educación infantil/O05G110V01102
Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil/O05G110V01103
Didáctica da lingua e a literatura infantil/O05G110V01404
Educación: Escola inclusiva e atención á diversidade/O05G110V01302

Outros comentarios

a. Debido á importante carga práctica da materia, é altamente recomendable a asistencia regular ás sesións presenciais, tanto ás Sesións A como ás Sesións B.
b. Esta materia forma parte do Proxecto de Innovación Docente da Facultade de Educación e Traballo Social.
c. Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).
d. É necesario consultar a aula virtual da materia ao menos unha vez por semana, así como ter activo o correo electrónico institucional da UVigo e usalo para as comunicacións co profesorado. Co fin de asegurar a privacidade e garantir a identidade, non se atenderán mensaxes electrónicas enviadas dende contas alleas ás da UVigo. En todo caso, as consultas faranse á profesora de modo presencial, ben en clase, ben presencial ou telefonicamente nas titorías, nunca por e-mail.
e. Os traballos deberán ser entregados en tempo e forma, e polos medios que se expliciten nas orientacións proporcionadas, así como orixinais. A detección de plaxio ou copia de traballos suporá o suspenso na convocatoria correspondente. Agás na realización de traballos coordinados entre materias, un mesmo traballo non poderá ser utilizado para varias materias a efectos de avaliación.
f. Dentro da lóxica do camiño cara a sociedades máis inclusivas e igualitarias, e seguindo os principios de igualdade cos que está comprometida esta universidade, recoméndase facer uso da linguaxe inclusiva (especialmente no referido á diversidade) e imparcial en canto ao xénero tanto nos traballos escritos como nas producións orais.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua e literatura: Galego				
Materia	Lingua e literatura: Galego			
Código	O05G110V01505			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Dacosta Pérez, Fernando			
Profesorado	Dacosta Pérez, Fernando			
Correo-e	fernando.dacosta.perez@uvigo.gal			
Web				
Descrición xeral	A especialidade de Grao de Educación Infantil require que a/o futura/o docente domine diversos aspectos da lingua e da comunicación. Demanda, tamén, unha formación en literatura e sociolingüística que leve ao desfrute desde o coñecemento. Un goce que, ao facelo propio, poida ser transmitido posteriormente no exercicio profesional. Os obxectivos desta materia son lingüísticos, de cara a unha boa comunicación, e literarios, xogando coa creatividade e a transmisión de sentimentos e emocións. A disciplina está concibida para profundar en coñecementos non impartidos en cursos anteriores ou para complementalos (Literatura, Historia da nosa lingua e Lingua e sociedade), fornecendo ao alumnado dos rudimentos necesarios para a comprensión, a análise e o desfrute de textos literarios.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da educación infantil
B3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas do estudantado, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
B6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
C43	Favorecer as capacidades de fala e de escritura.
C44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
C45	Coñecer a tradición oral e o folclore.
C46	Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.
C48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
C50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
C51	Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D13	Razoamento crítico

D14	Compromiso ético
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Creatividade
D18	Liderado
D19	Coñecemento doutras culturas e costumes
D21	Motivación pola calidade

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación			C46	D1 D3
2. Favorecer as capacidades de fala e escrita.			C43	D1 D3 D11 D13 D15 D16 D17
